

¿Unha antoloxía de antoloxías ou unha macroantoloxía nacional? Notas para unha análise cuantitativa de *Río de son e vento. Unha antoloxía da poesía galega (1999)*

Xoán González-Millán

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

GONZÁLEZ-MILLÁN, XOÁN (2012 [2001]). “¿Unha antoloxía de antoloxías ou unha macroantoloxía nacional? Notas para unha análise cuantitativa de *Río de son e vento. Unha antoloxía da poesía galega (1999)*”. *Anuario de Estudios Literarios Galegos*: 1999, 135-147. Reedición en *poesiagalega.org*. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1846>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

GONZÁLEZ-MILLÁN, XOÁN (2001). “¿Unha antoloxía de antoloxías ou unha macroantoloxía nacional? Notas para unha análise cuantitativa de *Río de son e vento. Unha antoloxía da poesía galega (1999)*”. *Anuario de Estudios Literarios Galegos*: 1999, 135-147.

* Edición dispoñíbel desde o 15 de febreiro de 2012 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

¿Unha antoloxía de antoloxías ou unha macroantoloxía nacional?

Notas para unha análise cuantitativa de *Río de son e vento*.

Unha antoloxía da poesía galega (1999)

Xoán González-Millán

Tomando unha recente escolma da poesía galega, Río de son e vento, como exemplo emblemático, e como ámbito de experimentación conceptual e analítica, esta breve nota ten como obxectivo fundamental documentar algúns dos presupostos cos que traballa a lóxica dos proxectos antolóxicos nun contexto sociocultural como o galego. Esta nova compilación demostra que a relevancia e o protagonismo do discurso antolóxico na conformación e institucionalización da literatura galega son historicamente incuestionables.

Río de son e vento [A River of Sound and Wind], a recent anthology of Galician poetry, is read here as a suitable field for conceptual and analytical experimentation. This brief note, which intends to document some of the premises and assumptions used in the logic of anthological projects, emphasizes the intervention of these cultural objects in social and cultural contexts as complex as the one represented by the Galician experience. This new poetic compilation attests to the relevant role played by the anthological discourse in shaping and institutionalizing Galician literature.

PRESENTACIÓN

Todo acto antolóxico exemplifica, explícita ou implicitamente, unha serie de principios e presupostos que caracterizan a lóxica do discurso antolóxico nun período concreto. Os tipos de textos e autores escolmados, a súa dimensión emblemático-nacional, as complexas relacións intertextuais que se derivan da conxunción de textos procedentes das diferentes épocas, autores, estilos e temáticas, a súa articulación e distribución dentro do espacio antolóxico, o grao dunha inevitable repetición non só na nómina de autores senón tamén na incorporación de determinados poemas en relación con proxectos antolóxicos previos¹, ou a gramática das interrelacións entre os criterios de selección e distribución autorial e textual utilizados, son todos aspectos nos que se pode estudar o funcionamento da lóxica dun determinado proxecto antolóxico, e *Río de son e vento* [RSV], a recente escolma preparada por C. Morán Fraga, e editada por Xerais (1999), non é unha excepción neste sentido.

A relevancia da forma antolóxica na conformación e institucionalización da literatura galega é historicamente incuestionable². Así, os momentos inaugurais (o ‘áureo’ período medieval) quedaron recollidos e encadrados antoloxicamente para a posteridade nunha serie de cancioneros; en canto ó denominado “Rexurdimento” decimonónico, non sería difícil defender cómo un dos textos fundacionais do renacer cultural galego o “Mosaico poético” preparado por A. de la Iglesia para o *Álbum de la Caridad* (1862), ou que os mesmos *Cantares gallegos* (1863) rosalia-

nos lle deben moito, na súa configuración estrutural, á lóxica do proceso antolóxico. Xa no século XX, son clásicas algunhas antoloxías que axudaron a manter, sobre todo en décadas especialmente difíciles, unha memoria literaria e cultural, e xogaron un papel determinante tanto na lexitimación da historia literaria galega coma na transmisión e canonización dos seus autores e textos³. A recente antoloxía de Morán Fraga forma parte desta longa tradición, da que se sente herdeira e, en gran medida, debedora; pero ó mesmo tempo, o antólogo está obrigado, pola lóxica mesma do acto antolóxico, a demostrar a especificidade e singularidade da súa propia escolma, a reivindicar para ela un lugar propio no macroespacio antolóxico constituído polo conxunto dos procesos antolóxicos precedentes⁴.

ANTOLOXIZACIÓN/CUANTIFICACIÓN/CANONIZACIÓN

Morán Fraga reconece, como bo antólogo, que cada época funciona, en canto ós seus mecanismos de canonización, cuns condicionantes moi específicos, sobre todo naqueles períodos nos que as deficiencias tanto do corpus literario dispoñible como do seu nivel de institucionalización son especialmente notables. Pero non é só a condición canónica dos autores e textos; igualmente relevante é o criterio de representatividade, entendendo por tal unha serie de trazos que definen a especificidade histórica, sociocultural e literaria da produción literaria en cuestión; a seguinte avaliación é reveladora:

Rosalía, Pondal e Curros Enríquez son, como se acepta, as voces de maior relevo do *Rexurdimento*, e ocupan con pleno dereito as máis das páxinas deste apartado ["Voces do rexurdimento pleno"]. Pero hai outras de menor brillo que contribuíron a que o antedito proceso fose unha realidade e que son en conxunto imprescindíbeis [...] aínda que non todos os artífices do *Rexurdimento* son hoxe importantes polo seu labor poético (p. 113).

Moitos dos subtítulos empregados nas diferentes seccións en que aparece dividido o espacio antolóxico son igualmente significativos deste xogo de distincións entre voces canónicas e voces representativas. Por iso, para entender a lóxica utilizada na selección dun determinado autor e do/s texto/s correspondente/s nun proxecto antolóxico das características de *RSV* parece apropiado utilizar como punto de partida a seguinte categorización: a) autores en posesión dunha plena canonicidade (os "clásicos", que na literatura galega estarían fundamentalmente representados pola tríada do *Rexurdimento*: Rosalía de Castro, Pondal e Curros), b) autores cun alto grao de canonicidade (Cunqueiro, Celso E. Ferreiro ou Méndez Ferrín, por sinalar só tres figuras emblemáticas, e cunha alta representación en *RSV*), c) autores cun capital cultural inestable e fluctuante, e finalmente d) autores representativos dunha época pero carentes do necesario capital que lles garanta un posto no canon nacional galego, a curto ou a medio prazo. Morán Fraga aposta decididamente pola condición canónica dos autores e dos textos antologados; e incluso cando se trata dos períodos caracterizados por unha moi deficiente produción textual, como son os denominados "Séculos escuros", esfórzase por salientar a calidade estética dos poemas escolmados.

É inevitable en toda antoloxía histórico-nacional a tensión entre o capital canónico de determinados autores e textos e a condición de "representatividade" histórico-cultural doutros; é esta unha distinción especialmente pertinente para manexar na súa especificidade períodos tan distintos como os "Séculos escuros" e a recente produción dos oitenta ou dos noventa. As deficiencias cuantitativas e "es-

téticas” dos séculos XIV ó XIX obrigan ó antologador a incorporar no seu proxecto unidades textuais e voces poéticas de cuestionable “valor” literario, e por tanto, de escaso capital “estético”, pero non por iso exentos de capital cultural (derivado, en gran parte, da súa condición de textos “representativos” dunha época cun moi baixo nivel de produción literaria)⁵.

A lóxica da distribución cuantitativa, que é un dos aspectos estruturantes e articuladores de todo espazo antolóxico, mantén unha estreita (pero non invóca) relación co grao de canonización asignado a cada unha das voces poéticas⁶.

A aplicación do criterio cuantitativo en relación co grao de canonicidade dos autores antologados en *RSV* non presenta un alto grao de coherencia, debido en gran parte, como confesa o propio Morán Fraga, á relevancia que se lle concede á produción poética das últimas décadas. Aínda así, o número de unidades textuais asignadas a cada unha das voces antologadas amosa claramente a efectiva intervención do factor cuantificador como criterio de canonización. Un primeiro reconto de autores e unidades textuais presenta unha nómina de 101 autores (tres deles anónimos) e un repertorio de 262 unidades textuais, cun promedio por autor de 2,5 poemas escolmados.

Só un autor, A. Cunqueiro, aparece representado coa sobresaínte cifra de 10 poemas, un dato explicable non só polo alto grao de canonización e pola influencia que exerceu na máis recente poesía o poeta mindoniense, senón tamén por unha confesada predilección do mesmo antólogo pola súa obra literaria. “As [tres] grandes voces poéticas do XIX” (Rosalía de Castro, Pondal e Curros) tamén figuran, loxicamente, cunha sobresaínte representación (9, 8 e 7 poemas, respectivamente); dous casos excepcionais son os dos poetas medievais Martin Codax e Pero Meogo, dos que é antologada toda a súa obra, dada a limitación do corpus documentado (7 e 9 composicións); outros dous poetas, estes contemporáneos, acadan un alto nivel de representatividade no espazo antolóxico: Celso E. Ferreiro (con 7) e Manuel Antonio (con 6 unidades); 5 poemas sonlle asignados a Iglesias Alvariño, Pozo Garza, Méndez Ferrín e Lorenzo Baleirón (sorprende este último caso, que podería ser explicado pola prematura morte do poeta, e como unha implícita homenaxe por parte do antólogo a unha obra literaria xa pechada). No grupo de 4 textos escolmados figuran: Fernando Esquío, Amado Carballo, Avilés de Taramancos, A. Pexegueiro, Fernán-Vello e Yolanda Castaño; un menos, é dicir, con 3 poemas están representados: Afonso X, Airas Nunes, Pero da Ponte, Leiras Pulpeiro, Ramón Cabanillas, Noriega Varela, X. V. Viqueira, Carvalho Calero, A. Tovar, García Bodaño, Bernardino Graña, López-Casanova, Manuel María, Miguel Mato, Pilar Pallarés, Manuel Rivas, Xavier Seoane, Rodríguez Baixeras, Rodríguez-Fer, C. Sánchez Iglesias, Ramiro Fonte, Manolo Forcadela, Raña Lama, Emma Couceiro e Miro Villar. O antologador asígnalle 2 poemas ós seguintes poetas: Don Dinis, Airas de Santiago, Gomes Charinho, A. de Villasandino, ó corpus da “poesía popular e tradicional nos séculos escuros”, F. Añón, X. M. Pintos, Bouza-Brey, García Lorca, L. Pimentel, Díaz Castro, Guerra da Cal, U. Novoneyra, M. X. Queizán, D. X. Cabana, Lino Braxe, L. Pereiro, Salinas Portugal, X. Valcárcel, Alvarez Cáccamo, H. Rabunhal, X. Arias e M. Guede. E xa, finalmente, cunha soa unidade textual: García de Guilhade, Mendinho, N. Fernandes Torneol, Macías O Namorado, Garci Ferrandes de Jerena, a “poesía erudita renacentista”, Isabel de Castro e Andrade, Gómez Tonel, Vázquez de Neira, F. de Santiago, Cornide Saavedra, A. Camino, Lamas Carvajal, Álvarez Linares, Blanco Amor, E. Montes, E. Moreiras, L. Seoane, L. Varela, Cuña Novás, X. Torres, Rodríguez Barrio, V. Vaqueiro, Vergara Vilariño, M. Vilanova, X. Devesa, J. Béjar, P. Vázquez, M. Campo, A. Dobao, X. Miranda, Chus Pato, A. Romaní e M. Veiga.

Esta distribución numérica permite formular unha preliminar visión de conxunto e ofrece unha primeira, e significativa, perspectiva para detectar os graos de canonización e lexitimación nacional con que van sendo investidos progresivamente os poetas galegos. Obviamente, o limitado do espazo antolóxico co que traballa Morán Fraga para dar conta dunha historia global da produción lírica galega fôrza a asignar cifras baixas a cada unha das voces antologadas, nun abano que oscila entre 1 e 10⁷. En realidade, o ámbito de oscilación utilizado é bastante inferior, xa que son moi poucas as voces representadas nos niveis altos da escala, como se observa na seguinte distribución: 1/10, 2/9, 1/8, 3/7, 1/6, 4/5, 6/4, 25/3, 23/2 e 35/1⁸. Nunha ollada de conxunto obsérvanse inmediatamente as oscilacións coas que opera o antologador e o salto, de claras connotacións canónicas, que se produce na metade mesma da escala entre o grupo de poetas con 4 unidades e o de 3. De aí as complexas relacións entre o número de poemas por autor e o correspondente nivel de canonización dentro do sistema literario galego: as diferencias entre 1, 2 ou 3 poemas poden carecer de especial significación, cando se analizan casos individuais, pero tomados en conxunto, os sub-repertorios sinalados no parágrafo anterior amosan unha coherencia e unha lóxica avaliativa por parte do antologador, sobre todo nos subgrupos de 5 ou máis unidades textuais.

A partir destas cifras hai que ter en conta a distribución de autores e textos por épocas, e as condicións de transmisión material (sobre todo cando se trata da difícil supervivencia da obra de determinados autores), que no caso galego amosan unha moi dispar dinámica de produción textual. Morán Fraga documenta brevemente este fenómeno, ó analizar o corpus literario de cada período: se a época medieval demandaba “gran síntese”, a “presencia textual” dos séculos da decadencia non podía ser senón moi limitada; os séculos XIX e XX, polo contrario, son sometidos a unha obrigada elipse, non só polo número de autores e textos de que se dispón, senón tamén porque, “moitos autores, aínda sendo importante o seu labor no seu día, carecen de relevo [hoxe]” (p. 9).

Esta (inevitable) forma de proceder en *RSV* está na orixe do que se denominou anteriormente (a falta doutra acepción máis precisa) como “espazo antolóxico elíptico”: determinados autores (ou poemarios) aparecen mencionados como dignos de seren escolmados pero non entran na antoloxía por algunha razón específica (xeralmente, o argumento da limitación do espazo antolóxico). Así, cando Morán Fraga se enfronta ás que el denomina “as voces máis novas dos 90”, engade como introducción a esta derradeira sección da súa antoloxía un repertorio de autores e poemarios (individuais e colectivos) que merecerían, na súa opinión, seren escolmados pero que, en última instancia, non son incluídos: “Chegados a estas alturas, e antes das liñas que seguen, son consciente de que, aínda pretendendo unha ampla representación, non se incluíron estimábeis voces da poesía do século XX, algunhas ben importantes, e isto en varias xeracións” (p. 437).

RSV amosa un especial interese pola produción poética do posfranquismo, como se deduce do alto nivel de representación cuantitativa de voces desta época; Morán Fraga reconece explicitamente na introducción xeral: “tentouse desde o inicio que a antoloxía contivese a máis ampla representación poética, máis dentro dunha especial preferencia pola poesía contemporánea, e de maneira especial a das últimas décadas, levando este extremo cronolóxico á creación máis actual” (p. 9). O antologador parece desafiar, deste xeito, a que, en principio, sería a estratexia máis doada e efectiva nesta modalidade antolóxica⁹ a reprodución de autores e textos plenamente canonizados e a exclusión de períodos que poden engadir

graos de problematicidade á función de lexitimación do espazo antolóxico en cuestión. A alta porcentaxe de autores e textos pertencentes ás décadas máis recentes é un risco que o autor asume conscientemente (xustificando, dalgún xeito, coa mencionada adición do indefinido “unha” no subtítulo da escolma); aquí reside, sen dúbida, un dos trazos distintivos de RSV.

Aínda así, non poderá evitarse que o lector, dados os hábitos de recepción deste tipo de publicacións xenéricas, ignore consciente ou involuntariamente a confesada subxectividade do antólogo, para universalizar de forma case automática o valor canónico dos autores e dos textos escolmados; ou se pregunte (lexitimamente ou non) pola preferencia concedida ás últimas dúas décadas de produción poética, representadas por 31 poetas (se se toma como límite cronolóxico a sección dedicada á “Poesía dos 80”), case un tercio dos poetas representados na antoloxía. Neste sentido, debe dicirse que a lóxica que o autor lle quere impor ó seu proxecto (mediante paratextos, título, criterios selectivos, etc.) non é tan autónoma no seu funcionamento como en principio podería parecer, porque a lóxica do proceso antolóxico mesmo, teledirixido polas condicións xerais da súa discursividade, intervéñ condicionando non só as premisas utilizadas polo antologador senón tamén, e sobre todo, o proceso de recepción de todas e cada unha das unidades escolmadas, e a obra literaria que está detrás de cada unha delas.

Outro criterio selectivo no que se observa unha inxustificada desproporción é o desigual número de voces poéticas masculinas e femininas, a pesar do explícito recoñecemento destas dúas categorías por parte do antólogo; o número de autoras escolmadas, doce en total, equivale a unha mirrada décima parte do conxunto das voces antologadas. A estas cifras hai que engadir un dato significativo: cinco das escritoras están situadas no período último da produción poética galega, limitando deste xeito a representación feminina das épocas anteriores. Se as trinta unidades textuais de autoría feminina equivalen a un 8,7 do espazo antolóxico total, hai que ter en conta, igualmente, que neste xa de por si reducido corpus autorial e textual, nove das unidades sonlle asignadas á voz poética máis canonizada da nosa literatura, Rosalía de Castro, cinco a Pozo Garza e catro a Yolanda Castaño.

¿ANTOLOXÍA DE ANTOLOXÍAS?

Unha rápida lectura dalgunhas das principais fontes documentais utilizadas en RSV pon de manifesto a relevancia doutras antoloxías como guía e referencia no proceso selectivo de autores e textos. Comprensiblemente, Morán Fraga bota man dalgunhas das edicións críticas dos cancioneros medievais para reproducir determinados textos da nosa lírica primeira; máis cuestionable é a utilización, case en exclusiva, doutra antoloxía: *Os séculos escuros e a Ilustración galega* (1996), preparada por X. Freixeiro Mato, para a sección denominada “A decadencia e os séculos escuros”, e non directamente as edicións críticas ou facsimilares existentes. Outra antoloxía usada como “fonte” é *Para saír dun século. Nova proposta poética* (Xerais, 1997), editada por Luciano Rodríguez e Teresa Seara. Das oito voces poéticas escolmadas nesta publicación reaparecen cinco en RSV, cun moi significativo e alto índice de repeticións textuais: no caso de Dobao, Romaní e Veiga os únicos poemas seleccionados están tamén antologados en Rodríguez e Seara; dos tres poemas de M. Villar un deles está tomado de *Para saír dun século*; as coincidencias máis chamativas danse no caso dos catro poemas de Yolanda Castaño: reproducense

tres dos antologados por Rodríguez e Seara, pero ademais, escóllense textos que figuraban como inéditos nesta escolma¹⁰. Non resulta arriscado deducir deste proceso selectivo a intervención de intereses ou condicionantes editoriais que, se ben parecen xustificables desde un punto de vista comercial, parecen desvirtuar a autonomía do proceso antolóxico mesmo.

Tamén se observan notables converxencias entre *RSV* e outros proxectos antolóxicos que non son explicitamente mencionados como fontes de selección¹¹. Cun deles, *Literatura galega. Textos escollidos* (Bahia, 1992), editado por C. Fernández Pérez-Sanjulián e M. Mato Fondo, amosa un alto grao de coincidencia para o corpus antolóxico do século XIX; unha análise cuantitativa ofrece os seguintes resultados: dos 24 poemas escolmados nesta antoloxía, 16 reaparecen en *RSV*, unha coincidencia especialmente significativa, se se ten en conta que *Literatura galega* opera en exclusiva (coa excepción dun poema de X. M. Pintos) cos tres “clásicos” do rexurdimiento literario, que posúen unha relativamente extensa produción lírica. A distribución poemática comparativa por autor obsérvase nas seguintes cifras: Rosalía de Castro: 11/9/5; Pondal: 6/8/4; Curros: 6/7/5, e Pintos: 1/2/1¹².

Para décadas máis recentes, concretamente a dos oitenta, Morán Fraga parece seguir cunha significativa fidelidade outra antoloxía, *Desde a palabra, doce voces. Nova poesía galega* (Sotelo Blanco, 1986), responsabilidade de Luciano Rodríguez. As 12 voces poéticas seleccionadas reaparecen na de Morán Fraga¹³; esta coincidencia autorial adquire un maior relevo cando se observa o número de poemas compartidos por ambas as dúas antoloxías (dado o limitado do corpus pola intersección de ambos proxectos antolóxicos): 23 poemas, que son os que en *RSV* representan os poemarios cronoloxicamente coincidentes co período antologado por L. Rodríguez, rematado no mes de xaneiro de 1986; destes, 16 son antologados en ambas as dúas escolmas, segundo a seguinte distribución numérica: Álvarez Cáccamo (1/1/2), Paulino Vázquez (1/1/1), Fernán-Vello (1/3/4), R. Fonte (1/1/3), M. Forcadela (2/2/3), P. Pallarés (1/2/3), R. Raña (2/2/3), M. Rivas (1/1/3), Rodríguez-Fer (2/2/3), X. Seoane (2/2/3), Xulio Valcárcel (1/2/2) e Lorenzo Baleirón (1/4/5)¹⁴.

Os paralelismos apuntados deben ser interpretados de forma diferente, porque en cada un dos proxectos antolóxicos sinalados (*Os séculos escuros*, *Literatura galega*, *Desde a palabra* ou *Para saír dun século*), por tratarse de “espacios de referencia antolóxica” distintos (sobre todo o da primeira antoloxía en contraste coas demais), interveñen factores explicativos de moi diferente natureza. Na antoloxía de Freixeiro Mato pártese dunha restrictiva delimitación previa, condicionada polas deficiencias histórico-culturais do corpus textual e da nómina de autores referenciados, o que obriga a inevitables coincidencias nos criterios de selección entre *Os séculos escuros* e *RSV*; un caso diametralmente oposto é o espacio de referencia antolóxica representado pola rica e múltiple produción poética dos 80 e dos 90, ou incluso o do Rexurdimento decimonónico; de aí que as notables coincidencias sinaladas demanden unha lectura máis “complexa”, e obriguen a incorporar no marco da análise múltiples factores e intereses, como quedou insinuado en parágrafos anteriores.

Finalmente, outro proxecto antolóxico que está igualmente presente como referencia e incluso como inspiración de deseño e formato do espacio antolóxico é o elaborado pola profesora brasileira Yara Frateschi Vieira, baixo o título xenérico de *Antologia de poesia galega* (1996). Comparten o obxectivo da representación dunha totalidade histórico-literaria; pero a materialización desta perspectiva é dife-

rente en ambos casos: a diferenza máis salientable reside na desigual utilización dos autores “representativos”; *RSV*, como queda sinalado noutro momento da exposición, é máis xenerosa na nómina de autores e épocas, porque o seu proxecto antolóxico aliméntase dunha decidida vocación “nacional” e, por tanto, está obrigado a incorporar todas as épocas (as áureas así como as “escuras”) que constitúen a “historia nacional galega”. As diferenzas entre ambos proxectos son explicables, en gran medida, polos tipos de comunidades de recepción ás que van destinadas: o da estudiosa brasileira, que funciona como unha carta de presentación da produción poética galega para un lector que probablemente descoñece moitos dos autores antologados e incluso a literatura galega na súa totalidade, xoga con voces poéticas que, incluso no caso das décadas máis recentes, gozan xa dun relativo capital canónico; a antoloxía de Morán Fraga é máis inclusiva tanto en termos das voces como das épocas escolmadas no espazo antolóxico. Dos 30 autores antologados na *Antologia* de Frateschi Vieira só dous son excluídos da de Morán Fraga (un é un dos trovadores medievais, Pai Soarez de Taveirós; a outra ausencia é a obra poética de Luís G. Tosar); pero as coincidencias entre ambos proxectos antolóxicos non se reducen á nómina dos autores, comparten igualmente un notable número de poemas, 45 en total (dos 262 escolmados en *RSV*).

As notas sobre a dinámica intertextual documentada nos parágrafos anteriores, habería que engadir outro aspecto de *RSV*, este intratextual, que presenta unha importante novidade dentro do panorama antolóxico literario galego: o acompañamento dun compacto, que reproduce na súa portada a imaxe da antoloxía-manual. Se ben hai precedentes neste intento por conxuntar diferentes soportes de transmisión textual, no caso de *RSV* trátase dunha antoloxía dentro doutra. En canto á estruturaación do microespacio antolóxico representado polo compacto, obsérvase unha demarcación cronolóxica moito máis limitada cá ofrecida no soporte-libro, xa que se inicia cun texto rosaliano de *Follas novas* (1880); a orde de presentación tampouco está suxeita á lóxica da temporalidade histórica (Pondal aparece despois de Manuel Antonio, Viqueira e Cunqueiro); e, como na antoloxía-libro, as últimas décadas da produción poética galega son as máis representadas no disco; pero só son incluídas dúas voces poéticas femininas, ademais de Rosalía de Castro, que se impón cun grao de inevitabilidade en calquera antoloxía da literatura galega.

Os autores e poemarios representados na antoloxía-disco acadan un valor dobremente intensificador pola duplicación intratextual do efecto-antoloxizador, ó ser escolmados dentro dun macroespacio antolóxico que se auto-reproduce na antoloxía-libro e na antoloxía-disco, con obvias diferenzas derivadas da distinta natureza dos soportes materiais utilizados en cada caso. O limitado do espazo antolóxico-discográfico parecería, en principio, intensificar o efecto canónico dos autores e textos seleccionados; e, certamente, detéctase unha vontade de recoñecemento canónico na elección de determinadas voces poéticas (como o demostra que sexa un poemario de Rosalía de Castro o que “abra” o ciclo das cancións); sen embargo, as características mesmas do soporte utilizado fan que o receptor non interprete necesariamente a elección dun determinado texto como resultado da súa lexitimación canónica, senón máis ben por unha serie de afinidades entre os textos recitados que poden serlle máis ou menos evidentes, ou pola súa adaptación musical. Este tipo de recepción, mediatizado polo “medium” seleccionado, contrasta coa “lectura” que este mesmo consumidor fai da antoloxía-libro, que funciona, polo horizonte no que se inscribe como tal “forma” cultural, cuns presupostos moito máis “canonizadores” cá antoloxía-disco.

Son 15 as voces antologadas, representadas cada unha, a diferenza da antoloxía-libro, por unha soa unidade textual. Por tanto, neste espazo antolóxico non se pode botar man do factor cuantitativo para avaliar o grao de canonicidade de autores e textos, como sucede na antoloxía-libro; a presenza de determinadas voces (Rosalía de Castro, Pondal, Manuel Antonio, Cunqueiro ou Méndez Ferrín) engádelles un indiscutible nivel de capital cultural ó espazo antolóxico en cuestión, do que se beneficiarían, lóxicamente, os outros autores escollidos que, en principio, carecen dese capital. A incorporación de tres textos inéditos en tan breve antoloxía (un do propio antologador, que é excluído da antoloxía-libro, ademais dos da autoría de Julio Béjar e Miguel Mato) é un indicador importante da escasa preocupación de lexitimación canónica que alimenta o espazo antolóxico do compacto, como tamén o é o tipo de “presentación” seleccionada para o disco, que contrasta co ton máis historiográfico, pedagóxico e ideolóxico utilizado na presentación da antoloxía-libro.

CRITERIOS DE SELECCIÓN: O SOPORTE PARATEXTUAL

A exhaustividade histórica e o rigor documental na reprodución das unidades textuais escollidas son os criterios de que se vale fundamentalmente Morán Fraga para lexitimar o seu proxecto. Na “Presentación” alúdese explicitamente á necesidade dun “libro que comprenda a totalidade da lírica galega cunha ampla representación canto a poetas e que ademais posúa o rigor documental, a fiabilidade textual, a autenticidade fónico-visual que a unha obra destas características se lle debe esixir” (p. 9). O antologador transcribe con estas palabras as que, en principio, deberían ser as constantes do seu proxecto que, por apoiarse no desenvolvemento dunha conciencia nacional galega, parte do principio filolóxico como criterio de selección textual (como demostra a incorporación dun poeta “alófono”, Lorca).

Xa se aludiu ó criterio historiográfico na distribución de autores e textos, e á súa (desigual) representación cuantitativa en cada un dos períodos nos que está estruturado o espazo antolóxico, fragmentado en séculos, xeracións e décadas. Ás veces superimponse o criterio autoral sobre o cronolóxico, coas conseguintes distorsións. O carácter monoxenérico de RSV non oculta un dos presupostos cos que operan moitas das antoloxías (e non só galegas) desta natureza: a produción lírica como a máis emblemática da historia literaria galega, e por tanto como a máis idónea para representar o “imaxinario nacional”. Os paratextos que enmarcan a antoloxía propiamente dita lexitiman esta lectura panxenérica e alegórica: no primeiro parágrafo da “Presentación” obsérvase unha reveladora proxección xeneralizadora da “palabra” poética, transformada en ámbito privilexiado do “reino da palabra” galega; esta liña interpretativa é formulada de forma máis explícita nas últimas liñas deste mesmo texto introductorio: “os poemas que agora saen á luz darán fiel testemuño da riqueza creativa do noso pobo, un pobo que desde a Idade Media soubo procurar ludicamente, na expresión artística, os seus roteiros de eternidade” (pp. 10-11). O xénero lírico funciona, pois, como manifestación suprema da literatura galega, e por tanto (a intervención do discurso nacionalista permítelle ó autor facer este salto) do pobo galego.

A selección temática dos textos antologados é outro aspecto que requiriría unha análise detallada, sobre todo en relación cos potenciais grupos de receptores ós que vai destinada a antoloxía; evítase, por exemplo, no caso dalgún/has poetas

erótico/as os poemas que máis abertamente poderían reflectir este temario, probablemente por imposicións funcionais da antoloxía, que vai ter, sen dúbida, no “ámbito educativo” un lucrativo mercado. Outra cuestión que merecería un estudio máis polo miúdo é o da presenza da poesía popular, de transmisión oral; alúdese nas primeiras liñas da “Presentación” á “palabra oral e escrita que se foi modulando segundo a estética individual e colectiva dos tempos” (p. 9), pero logo, a representación do corpus literario de tradición oral queda reducida a só dúas composicións, unha do século XV e outra do XVI, dentro dun espazo antolóxico formado por 262 composicións; o predominio de rexistros literarios escritos é, por tanto, case absoluto, así como o criterio autorial, fronte á modalidade anónima representada por tres únicas composicións.

En canto ó soporte ecdótico, na selección e reprodución das diferentes versións dispoñibles de cada un dos textos antologados, Morán Fraga dedica unha parte substancial da “Presentación” a bosquejar os “criterios de edición”, a partir dunha serie de principios: o “seguimento das edicións críticas, se as houber” (p. 11), (deixando de lado os criterios mesmos utilizados neste tipo de edicións “críticas”); ou ben a última edición realizada en vida dos repectivos autores e autoras, “cando nada indique que houbo desconformidade autorial con respecto a estas edicións” (p. 11). Pero estes mecanismos de reprodución e transmisión textual, co obxectivo de procurar, como sinala Morán Fraga, “a máis estricta fidelidade aos textos” (p. 11), non sempre son respectados: moitos dos textos dos séculos escuros son reproducidos a partir dunha antoloxía que foi publicada cun claro obxectivo de divulgación, como xa queda anotado; o antólogo deixa constancia en determinados casos das variantes existentes, pero faino de forma inconsistente e esporádica¹⁵.

Os manuais destas características tenden, lamentablemente, a eliminar un aspecto fundamental da historia literaria que pretenden reproducir: a materialidade mesma dos textos, representada polos códigos bibliográficos e culturais que foron utilizados na transmisión textual dos textos antologados (tipos de impresión utilizados, papel, distribución espacial dos diversos compoñentes do texto, etc.); por iso, sería altamente recomendable que nunha futura reedición (que seguramente terá, dado o grande atractivo da publicación) se engadise a reprodución facsimilar dalgúns textos pertencentes ás varias épocas nas que é subdividida a antoloxía. Sería unha importante adición para reivindicar e reproducir o horizonte histórico-nacional, tan presente como preocupación e como obxectivo en *RSV*, un proxecto antolóxico no que a imaxe do “río” serve de eixe alegórico para articular unha “narración nacional” (fragmentada en épocas de desigual calidade e problematicidade), na que se expresaría cunha incuestionable evidencia o “ser” do pobo galego. O “reino da palabra [poética]” non sería senón o trasunto (mellor, a compensación imaxinaria e privilexiada) dunha historia socioeconómica, política e cultural dificilmente traducible a outros discursos sociais.

NOTAS

- 1 Adrian Frazier, aludindo a este fenómeno, propón o útil concepto de *poemas epistémicos* para caracterizar unidades textuais que aparecen regularmente nas diversas antoloxías: "Poems that regularly appear in one anthology after another are often 'epistemic' poems, ones that created new ways of speaking, or opened up new territories, and therefore led to many other poems by many other writers" (1992: 200).
- 2 Esta constatación contrasta abertamente coa case total ausencia de estudos sistemáticos sobre os nosos repertorios antolóxicos. Varios dos traballos incluídos nesta edición do *Anuario* queren contribuír a romper este silencio.
- 3 É tal a relevancia deste tipo de proxectos editoriais que o autor destas notas se atrevería a afirmar que o desenvolvemento da literatura galega moderna, entendida en termos dun espazo sociocultural institucionalizado, podería moi ben ser documentado comparando RSV e o *Álbum de la Caridad*.
- 4 O lector non pode esquecer que o libro leva o significativo subtítulo de *Unha antoloxía da poesía galega* (repárese no *unha*).
- 5 O equilibrio entre o grao de canonicidade e de representatividade é un dos grandes desafíos cos que se enfrontan os antólogos da literatura galega, porque a "narración nacional" que lles serve de marco operativo está marcada polo protagonismo asignado a unha serie de deficiencias e dependencias; noutras palabras, o discurso antolóxico funciona nestes casos cuns determinantes diferentes dos que operan en sistemas literarios institucionalmente mellor equipados, e historicamente menos fragmentados. RSV, que exemplifica paradigmaticamente un intento de antoloxizar unha literatura menor, ben pode axudar a renovar a reflexión nesta dirección. Neste contexto, o famoso macroproxecto antolóxico irlandés coñecido como a *Field Day Anthology* (1991) ben podería servir de referente (e de modelo) para unha futura (e necesaria) antoloxía da historia cultural galega.
- 6 Sen embargo, é necesario ter en conta outras variables, como observa A. Frazier:

[...] the rank order implied by the number of pages assigned each writer is affected by a range of other, non-evaluative factors: a) the permission fees charged by large publishers; b) the privileges of seniority; c) the differing dates of publication for each collection and of their historical scope; d) the characteristics of a poet's *oeuvre*, whether consisting mainly of short lyrics, longer sequences, narratives, epistolary meditations; e) the opportunity to publicize what's less known (1992: 199)].
- 7 Habería que engadir o grao 0, representado polas voces poéticas mencionadas nas introduccións pero sen representación textual na antoloxía, e que constitúen unha especie de "espazo antolóxico elíptico".
- 8 A primeira cifra representa o número de voces poéticas que dentro do espazo antolóxico figuran coa cantidade de unidades textuais representadas pola segunda cifra.
- 9 Ver máis abaixo as notas contrastivas entre a lóxica utilizada en RSV e na escolma da lírica galega publicada por Y. Frateschi Vieira.
- 10 As voces representadas por textos inéditos en RSV posúen obra poética publicada, o que permite deducir, en principio, que os poemas escollidos foron seleccionados en función do criterio de "calidade" estética.
- 11 As antoloxías utilizadas neste traballo como exercicio comparativo foron escollidas de entre unha serie de proxectos antolóxicos; pero de ningún xeito se trata dun inventario sistemático e moito menos completo sobre as posibles converxencias entre RSV e outras escolmas da literatura galega.

- 12 A primeira unidade indica o número de textos escolmados en *Literatura galega*; a segunda recolle os poemas que lle asigna RSV a cada un dos poetas, e finalmente, a terceira representa o número de coincidencias entre as dúas antoloxías.
- 13 A selección autorial, sobre todo para épocas ricas en escritores e poemarios, é xa un primeiro e moi importante momento no proceso antolóxico: o 'autor', entendido como categoría analítica, sintetiza en si toda a súa obra, que, dalgún xeito, é incorporada (elípticamente) ó espacio antolóxico; de aí a relevancia das coincidencias na utilización do criterio autorial ó estudar os paralelismos entre as diferentes escolmas.
- 14 A primeira cifra representa as coincidencias nas unidades textuais seleccionadas por ambas as dúas antoloxías; a segunda é o número de poemas pertencentes ós poemarios compartidos; en tanto que a terceira é o número total de poemas asignados a cada un dos poetas en RSV. Non debe esquecerse, como xa queda sinalado, que as "non-coincidencias" deben ser explicadas, en parte, pola incorporación en RSV de textos pertencentes a poemarios publicados con posterioridade á escolma de L. Rodríguez.
- 15 Comparar o distinto tratamento a que son sometidos dous poemas: "Edimburgh Edimburgh" de Lois Pereiro e "Antes que volte a noite" de Fiz Vergara Vilariño; no primeiro advírtese da existencia de dúas versións con "[importantes] variantes ortográficas, tipográficas, nalgún caso morfolóxicas e mesmo ás veces léxicas ata o punto de afectaren á estrutura e ao significado de varios versos" (p. 361), pero non se lle ofrecen ó lector; polo contrario, o antólogo amósase moito máis xeneroso no poema de Vergara Vilariño; e nalgún caso (F. Bouza-Brey), incorpora conscientemente á súa antoloxía versións "alteradas" do orixinal.

Referencias bibliográficas

Dean, Seamus (ed.)

1991 *The Field Day Anthology of Irish Writing* (Derry: Field Day Publications).

Fernández Pérez-Sanjulián, Carme e Miguel Mato Fondo (eds.)

1992 *Literatura galega. Textos escollidos* (A Coruña: Bahía).

Frateschi Vieira, Yara (org.)

1996 *Antologia de poesia galega* (Campinas: Editora da UNICAMP).

Frazier, Adrian

1992 "Canon Fodder: Anthologies of Contemporary Irish Poetry", *Colby-Quarterly* 28.4: 190-201.

Freixeiro Mato, Xosé R. (ed.)

1996 *Os séculos escuros e a Ilustración galega. Antoloxía* (Vigo: AS-PG/A Nosa Terra).

Morán Fraga, César

1999 *Río de son e vento. Unha antoloxía da poesía galega* (Vigo: Xerais de Galicia).

Rodríguez Gómez, Luciano

1986 *Desde a palabra, doce voces. Nova poesía galega* (Barcelona: Sotelo Blanco).

Rodríguez Gómez, Luciano e Teresa Seara (eds.)

1997 *Para saír dun século. Nova proposta poética* (Vigo: Xerais de Galicia).